REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de febreiro de 2022, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1 26655 (11/POC-004465)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre o cambio de horario do programa "Labranza" na Televisión de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 258, do 18.01.2022

2 26657 (11/POC-004467)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a elaboración do contrato programa previsto na Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galicia, e a presenza dos distintos xéneros audiovisuais na programación da Corporación Radio e Televisión de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 258, do 18.01.2022

3 27059 (11/POC-004646)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 2 máis
Sobre a cobertura, por parte da Corporación Radio e Televisión de Galicia, á obra de Anxo Lugilde sobre saúde mental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 258, do 18.01.2022

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Ovidio Rodeiro Tato
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Ovidio Rodeiro Tato	P

Vicepresidenta

María Guadalupe Murillo Solís	P

Secretaria

Alexandra Fernández Gómez	BNG

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Ramón Carballo Páez	P
Noa Susana Díaz Varela	S
María González Albert	BNG
Noelia Otero Lago	S
Carmen María Pomar Tojo	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Borja Verea Fraiz	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 26655(11/POC-004465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o cambio de horario do programa "Labranza" na Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, 258, 18.01.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:42:48
Nº Rexistro: 26655
Data envio: 28/12/2021 13:42:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, **Olalla Rodil Fernández** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o cambio de horario do programa labranza na TVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa Labranza é un dos espazos senlleiros da Televisión de Galiza. Trátase dun programa con 27 anos de emisión e máis de 1.500 capítulos emitidos. Así, constitúese como o programa decano da información agraria a nivel estatal e un dos máis veteranos da TVG.

A súa labor divulgativa víase complementada até 2018 polo microespazo "O Agro" que durante anos tivo unha cadencia diaria de luns a venres para pasar a só dúas emisións semanais até a súa eliminación definitiva en setembro de 2018 para pasar a ser unha pequena sección dentro do programa A Revista.

Así hoxe o traballo informativo e de divulgación do mundo agrario fica reservado en exclusiva ao programa Labranza que emite reportaxes sobre os distintos sectores produtivos do agro galego, desde o leite até a viticultura, cun especial interese naquelas iniciativas que pretenden revitalizar o medio rural en Galiza.

Tradicionalmente a súa emisión tiña lugar os domingos por volta das 14:00 horas desde vai anos (con pequenas variantes que por etapas foron desde as 13:45 pasando polas 13:50h). Ese era o horario que as e os profesionais do sector tiñan destinado ao seu visionado.

CSV: REXISTRO-5O5cAix2h-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:42:48
Nº Rexistro: 26655
Data envio: 28/12/2021 13:42:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E foi así de xeito continuado até que en 2019 tivo lugar a primeira suspensión do programa durante a época estival, deixando á TVG sen esta información desde o día 23 de xuño até o 1 de setembro cando se retomaron as emisións.

Este proceso de eliminación de contidos, suspensión de espazos e paradas estivais continuou desde entón incluíndo unha parada entre o 15 de marzo de 2020 (domingo) e o 10 de maio do mesmo ano (domingo tamén) parada que foi debida ao confinamento pola pandemia da COVID.

Ese 10 de maio, data de regreso do Labranza ás pantallas da TVG, foi o tamén o último día que o programa se emitiu respectando o seu horario de domingo. A fin de semana seguinte o Labranza pasou a emitirse no sábado. Iso si, respectando o horario de emisión.

Agora, tras da nova parada estival de 2021, no regreso de setembro, atopamos un novo cambio e o programa Labranza mudou o seu horario de emisión pasando a emitirse ás 12:30 (ou 12:35 horas da mañá). Horario que, como resulta claro, resulta de difícil visualización para a xente do sector que nese momento se atopa, por regra xeral, inmersa de cheo na súa xornada laboral.

Dáse ademais a situación de que o último convenio asinado entre a Consellaría do Medio Rural e a propia Corporación da Radio e Televisión de Galiza, que está en vigor até o 31 de decembro desde mesmo ano sinala, entre as obrigas asumidas pola CRTVG, a que segue:

2.Emisión do programa Labranza, cunha duración de 30 minutos de duración, todos os domingos a partir das 14:00 h dende o 3 de xaneiro ao 26 de decembro de 2021. En total, 52 programas. O programa inclúe dúas reportaxes (de 12 minutos e medio de duración aproximadamente) nos que se trata de facer unha análise en profundidade de temas de actualidade do sector agropecuario, forestal e o medio rural.

CSV: REXISTRO-5O5cAlx2h-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:42:48
Nº Rexistro: 26655
Data envio: 28/12/2021 13:42:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito a Corporación está a incumprir as súas obrigas tanto no número de espazos emitidos como no día e hora de emisión sen que medie explicación ao respecto.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- A que se deben os sucesivos recortes na programación agraria e forestal nos últimos anos na TVG?

- Cales son os motivos polos que se teñen producido todos estes cambios de día e agora de hora na emisión do programa especializado Labranza?

- Que valoración fan do incumprimento do convenio asinado entre a CRTVG e a Consellaría do Medio Rural?

- Estima que con estes cambios poden garantir a función de servizo público que desenvolve este programa?

- Van dar volta atrás neses cambios?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**
Olalla Rodil Fernández
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-5O5cAlx2h-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:42:48
Nº Rexistro: 26655
Data envio: 28/12/2021 13:42:48.175

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 13:41:56

María González Albert na data 28/12/2021 13:41:59

Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2021 13:42:11

CSV: REXISTRO-5O5cAlx2h-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 26657(11/POC-004467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a elaboración do contrato programa previsto na Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galicia, e a presenza dos distintos xéneros audiovisuais na programación da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, 258, 18.01.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:44:54
Nº Rexistro: 26657
Data envio: 28/12/2021 13:44:54.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Alexandra Fernández Gómez** e **María González Albert**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e nas normas de funcionamento da Comisión de control da CRTVG, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a elaboración do contrato programa previsto na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza e a presenza dos distintos xéneros audiovisuais na programación da CRTVG.

Exposición de motivos

Desde hai unha década a lexislación que regula a CRTVG, nomeadamente a Lei 9/211 de medios audiovisuais públicos, sinala a obriga da Corporación de elaborar e asinar un contrato programa:

Artigo 33.- Contratos programa

1. O desenvolvemento e a concreción, para todas e cada unha das súas canles, dos obxectivos da función de servizo público encomendados á Corporación RTVG realizaranse mediante a subscrición por un período de tres anos do correspondente contrato programa entre o Consello da Xunta e a Corporación RTVG. O primeiro contrato programa achegará a memoria e o plan plurianual de actuación regulados no artigo 54 da Lei 16/2010, do 17 de

CSV: REXISTRO-0XxDACuhZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:44:54
Nº Rexistro: 26657
Data envio: 28/12/2021 13:44:54.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. O contrato programa deberá referirse de xeito expreso aos seguintes contidos:

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación RTVG pola prestación do servizo público de radio e televisión.

b) Os medios para a adecuación e actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do ámbito económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato marco e o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Os obxectivos da política de eficiencia, rendibilidade, produtividade, persoal ou reestruturación técnica, así como os métodos indicadores da súa avaliación e a forma de render conta deles, que desenvolverá a Corporación RTVG no exercicio da misión de servizo público.

d) Os contidos de servizo público que deban emitirse pola Corporación RTVG, que deberán concretar as porcentaxes de xéneros de programación.

e) Os efectos que haberán de derivarse do incumprimento dos compromisos acordados.

f) O control da execución do contrato programa e dos resultados derivados da súa aplicación.

CSV: REXISTRO-0XxDACuhZ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:44:54
Nº Rexistro: 26657
Data envio: 28/12/2021 13:44:54.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Entre os obxectivos específicos que deberá desenvolver a Corporación RTVG poderán considerarse, ademais dos obxectivos propios da actividade audiovisual, os obxectivos de natureza organizativa ou económica que contribúan ao mellor cumprimento da misión de servizo público.

4. Os membros da Xunta comparecerán para informar anualmente o Parlamento autonómico sobre a execución e o resultado do contrato programa.

Nel e de maneira específica deben incluírse, de acordo co apartado *d) os contidos de servizo público que deban emitirse pola Corporación RTVG, que deberán concretar as porcentaxes de xéneros de programación.*

Porén, ao igual que acontece con outros artigos da propia lei, a CRTVG incumpre este punto desde a súa entrada en vigor.

Para o Bloque Nacionalista Galego, como temos expresado en millentas ocasións, os argumentos cos que a CRTVG tenta xustificar este incumprimento non serven pois hai formas de elaborar o devandito contrato programa deixando á marxe o conflito que mantén a Corporación coa Facenda española por mor do IVE.

Asemade, é fundamental ao noso entender, que en aras de dar cumprimento á misión de servizo público se recollan os compromisos da Corporación a respecto da emisión dos diferentes xéneros audiovisuais, especialmente en televisión.

CSV: REXISTRO-0XxDACuhZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:44:54
Nº Rexistro: 26657
Data envio: 28/12/2021 13:44:54.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Vai, nalgún momento, cumprir a CRTVG o artigo 33 da Lei 9/2011 referido á elaboración e sinatura de contratos programa?

- Que porcentaxe representan os distintos xéneros de programación na TVG?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
María González Albert
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2021 11:48:35

María González Albert na data 15/11/2021 11:49:01

CSV: REXISTRO-0XxDACuhZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2021 13:44:54
Nº Rexistro: 26657
Data envio: 28/12/2021 13:44:54.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2021 11:49:14

CSV: REXISTRO-0XxDACuhZ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 27059(11/POC-004646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a cobertura, por parte da Corporación Radio e Televisión de Galicia, á obra de Anxo Lugilde sobre saúde mental

Publicación da iniciativa, 258, 18.01.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 13:41:47
Nº Rexistro: 27059
Data envio: 04/01/2022 13:41:47.441

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, anunciaba en outubro ante as cifras sobre enfermidades mentais un Plan de Acción 2021-2024 de Saúde Mental dotado con 100 millóns de euros e que incluirá formación sanitaria en saúde mental e a creación dun teléfono 24 horas para ofrecer atención e apoio ante a conduta suicida.

Un Plan de Acción anunciado e celebrado no palacio da Moncloa no que interveu o xornalista Anxo Lugilde, correspondente da Vangarda en Galicia e Portugal e autor da obra a Vella Compañeira, un libro no que testemuña os seus longos anos de loita contra a depresión. Esta obra ten acadado un grandísimo recoñecemento político, social e mediático pola achega que supón a visibilización das enfermidades mentais e a loita contra a estigmatización.

Julia en la Onda, Onda Cero, Las Mañanas de Radio Nacional de España, varios programas de Cadena Ser como La Ventana, Via Lliure de Rac1, La Cope, catro das cinco maiores emisoras de radio do Estado, ademais doutras aparicións en numerosos espazos de ámbito local e autonómico das mesmas emisoras da Cadena Ser en cidades galegas, da Cope e Onda Cero, xunto a outras emisoras como Catalunya Ràdio, Radio Euskadi, Radio Aragón ou emisoras máis locais como Ràdio Estel ou mesmo a emisora cristiá de Cataluña!

En televisión ETB e ETB2, TVE, en tres ocasións; TV3 dúas veces, La Sexta, Telecinco programas e informativos teñen recollido e salientado en diversos espazos a importante pegada desta obra.

No que atinxe a xornais son varias as entrevistas e espazos en varias ocasións no Diario de Ferrol, La Región de Ourense, Faro de Vigo, La Opinión de A Coruña, El Progreso de Lugo, Nós, El Correo Gallego que publicaba entrevista recollida pola axencia Efe. Deste xeito, todos os xornais ou grupos de xornais galegos agás un publicaron entrevistas.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-gvb0JfDv2-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 13:41:47
Nº Rexistro: 27059
Data envio: 04/01/2022 13:41:47.441

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Houbo unha xira polas setes cidades galegas, en outubro os actos de Vigo, Santiago, A Coruña e Pontevedra, en novembro Lugo, Ferrol e Ourense. Algunha en compaña de autores recoñecidos.

O cadro da boa acollida da obra completouse coa saída da segunda edición en castelán, da editorial Península, e a primeira reimpresión da versión en galego. Cómpre salientar, asemade, que o pasado 14 de novembro o presidente do Goberno de España publicou un artigo sobre a saúde mental no diario líder no Estado, El País, que comezaba e remataba con alusións a "La Vieja Compañera", ademais de espazos e entrevistas en La Vanguardia, El País, El Diario.es, 20 Minutos, El Periódico, Diario de Sevilla, Valencia Plaza entre outros.

Todas as expectativas previas de repercusión da obra que tiñan as tres editoriais, Península, Columna, do grupo Planeta, e Luzes foron sobordadas amplamente en televisión, radio e prensa de papel e dixital, sen necesitar a publicidade da CRTVG pero resulta á vista deste repaso rechamante en termos de criterio.

Sobre a obra e o autor falouse en todas as canles públicas autonómicas agás na CRTVG, comunidade na que naceu o autor e onde desenvolveu toda a súa carreira profesional e en cuxa lingua propia está publicada a obra. Unha obra publicada en galego, da que se fala en todo o Estado con relevancia mediática indiscutible e que non existe para os medios públicos galegos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o criterio xornalístico diferencial coa práctica totalidade dos medios galegos, dos máis importantes do conxunto do Estado, públicos e privados, para non mencionar e dar cobertura a unha obra sobre saúde mental, dun xornalista galego, escrita en galego e recoñecida a tantos niveis pola súa visibilización da depresión e as enfermidades mentais?

2. Comparte como director xeral que non se lle dea cobertura e, polo tanto, non considera de interese a difusión da obra e da historia que relata?

3. Van a entrevistar a Anxo Lugilde arredor deste libro nalgún espazo da CRTVG?

CSV: REXISTRO-gvh0JrDv2-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 13:41:47
Nº Rexistro: 27059
Data envio: 04/01/2022 13:41:47.441

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2022 13:35:12

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2022 13:35:23

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2022 13:35:34

CSV: REXISTRO-gvh0JrDv2-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es